

**AVISO XURÍDICO IMPORTANTE**

O presente texto está destinado únicamente ao seu uso como instrumento documental e non ten carácter vinculante nin validez xurídica algunha. Para fins xurídicos consulte os textos legais publicados nos boletíns oficiais.

Polo tanto, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela non se fai responsable do seu contido.

## **INFORME SOBRE OS AVAIS DO ICO PARA EMPRESAS E AUTÓNOMOS**

### **Normativa:**

*Resolución do 25 de marzo de 2020, da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de marzo de 2020, polo que se aproban as características do primeiro tramo da liña de avais do ICO para empresas e autónomos, para paliar os efectos económicos do COVID-19 (BOE Nº 83 do 26/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro en <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/26/pdfs/BOE-A-2020-4070.pdf>

O Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, establece unha serie de **medidas para preservar a normalidade dos fluxos de financiamento e os niveis de circulante e liquidez**, para así permitir que empresas e autónomos continúen abonando os salarios dos empregados e as facturas a provedores, mantendo a actividade económica.

Entre estas medidas, se prevé unha **liña de avais por importe máximo de 100.000 millóns** de euros que achegará o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para a cobertura do financiamento outorgado por entidades financeiras a empresas e autónomos.

Trátase de avais en rango « pari passu», nos que se comparte risco coas entidades financeiras. Por tanto, as cantidades que por medio desta liña de avais se poñen a disposición para manter a actividade económica de empresas e autónomos han de entenderse como un **mínimo, que virá complementado por recursos adicionais do sector privado**.

## RESUMO DOS REQUISITOS PRINCIPAIS:

<b>Beneficiarios</b>	Empresas e autónomos
<b>Entidades financeiras</b>	As entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pago.
<b>Finalidade</b>	Cubrir os novos préstamos e outras modalidades de financiamento e as renovacións concedidos por entidades financeiras a empresas e autónomos para atender as necesidades de financiamento derivadas, entre outros, de pagos de salarios, facturas, <b>necesidade de circulante ou outras necesidades de liquidez</b> , incluíndo as derivadas de vencementos de obrigacións financeiras ou tributarias
<b>Importe total do primeiro tramo</b>	Ata <b>20.000 millóns de euros</b> , achegados polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.  Con dous subtramos:  Ata <b>10.000 millóns</b> de euros para renovacións e novos préstamos concedidos a <b>autónomos e pemes</b> .  Ata <b>10.000 millóns</b> de euros para renovacións e novos préstamos concedidos a <b>empresas que non reúnan a condición de peme</b> .
<b>Características dos préstamos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empresas e autónomos</li> <li>- Domicilio social en España</li> <li>- Afectados polos efectos económicos do COVID-19</li> <li>- Formalización ou renovación posterior ao con posterioridade ao <b>17 de marzo de 2020</b>.</li> <li>- <b>Non</b> figurar en <b>situación de morosidade</b> na CIRBE ao 31 de decembro de 2019.</li> <li>- <b>Non</b> estar suxeito a un <b>procedemento concursal</b> a data do 17 de marzo de 2020</li> </ul>
<b>Importe máximo do préstamo por cliente</b>	Con carácter xeral, ata un máximo de <b>1,5 millóns de euros</b> nunha ou varias operacións de préstamo a autónomos e empresas.

<p><b>Porcentaxes máximas de aval</b></p>	<p>Pemes e autónomos: <b>80%</b> como máximo da operación.</p> <p>Empresas que non reúnan a condición de peme:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Si novas operación: <b>70%</b> máximo</li> <li>- Si operación de renovación: <b>60%</b> máximo</li> </ul>
<p><b>Prazo de solicitude dos avais.</b></p>	<p><b>30 de setembro de 2020</b></p> <p>O prazo poderá ampliarse por Acordo de Consello de Ministros</p>
<p><b>Prazo de vencemento máximo do aval</b></p>	<p>O prazo do aval emitido coincidirá co prazo da operación ata un <b>máximo de 5 anos</b></p>